

CIRCULAR Nº 2

Temporada 20-21

Destino: Delegacións Zonais, Clubs.

Asunto: Inscripción dos equipos participantes en competicións de ámbito autonómico Sénior.

Ponse en coñecemento das Delegacións e de todos os clubs interesados que o prazo de inscripción dos equipos nas competicións de ámbito autonómico finaliza o vindeiro día **03 de agosto 2020 ás 13.00 hrs.** Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscripción nesta temporada nas categorías que se indican máis abaixo, deberán inscribirse vía INTRANET, (<https://clubs.fegaba.com/login>) e logo remitir ás Delegacións a seguinte documentación ORIXINAL:

- **DEPOSITO INICIAL OU AVAL BANCARIO**, xustificante do ingreso bancario a nome da FGB por importe da cantidade que en cada caso corresponda, ou aval bancario segundo modelo axunto.

- **COTA DE AFILIACIÓN**, xustificante do ingreso da transferencia bancaria a nome da FGB, polo importe da cantidade que en cada caso corresponda.

- Ingresos Nº Conta ES96-2100-1455-14-0200227406 de La Caixa.

A data do 03 de agosto ás 13.00 hrs. é improrrogable para presentar esta documentación, polo que chegado o momento, aquel equipo que non remitira a documentación indicada considerarase como retirado, orixinándose unha vacante que será cuberta.

	<u>C. Afiliación</u>	<u>Depósito/Aval</u>	<u>Data</u>
Liga de 1ª Div. Masc	135,00 €	2.900,00 €	03.08.20
Liga de 2ª Div. Masc.	105,00 €	900,00 €	03.08.20
Liga de 1ª Aut. Fem.	112,00 €	625,00 €	03.08.20

Cotas reducidas nun 50%

A Federación Galega na súa reunión decidirá en base ás solicitudes de inscripción, os equipos que participarán nas categorías 1ª División Masculina, 2ª División Sénior Masculina e Liga 1ª División Autonómica Feminina .



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

 XUNTA
DE GALICIA

 DEPORTE
GALEGO

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido da presente circular, e non soamente entre aqueles equipos que en primeira instancia, teñen dereito á inscrición nas competicións de ámbito autonómico, senón tamén entre aqueles que puideran estar interesados en optar por algunha das prazas vacantes que se lle puideran dar.

Por outra banda, tamén pedimos a todos os clubs interesados que, unha vez feita a súa inscrición vía WEB, preparen toda a documentación necesaria orixinal e a remitan a través das respectivas Delegacións dentro dos prazos establecidos e seguindo o que se indica na presente circular co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago, 17 xullo 2020

Asdo. Susana Fernández Fiuza
Secretaria Xeral